

Arbitraxe Campionatos Galegos Individuais Lóstrego e Rápidas 2024

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro no IX Campionato Galego de xadrez Lóstrego e no XIII Campionato Galego xadrez Rápido, que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 01 e 02 de Xuño de 2024 (respectivamente).

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto **para os dous campionatos**.

CATEGORÍAS	HONORARIOS
VIII Campionato Galego xadrez Lóstrego (01 Xuño 2024)	Árbitro Principal: 250 euros (*)
XII Campionato Galego xadrez Rápido (02 Xuño 2024)	Árbitro Adxunto: 170 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o **Xoves, 23 de Maio de 2024 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente antes da publicación desta convocatoria ([Circular FEGAXA01/2024](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

Vigo, 16 de Maio de 2024.


Federación Galega de Xadrez